

ANEXO I

SOLICITUDE PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN QUE SE VAN DESENVOLVER NA ANUALIDADE 2020

Nº DE PROTOCOLO ¹	
------------------------------	--

1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE
A FERTILIZACIÓN NOS CULTIVOS FORRAXEIRO ECOLÓXICOS

2.- TIPO DE ACTIVIDADE²
XORNADA TÉCNICA

3.- UNIDADE ORGANIZADORA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL		
Unidade: Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo		
Enderezo: Estrada Betanzos-Mesón do Vento, km 8		
C. Postal: 15318	Concello: Abegondo	Provincia: A Coruña
Nome e apelidos do/a responsable da unidade organizadora: Manuel López Luaces		
Cargo: Director	Tfno.: 881881801	Correo_e:manuel.lopez.luaces@xunta.gal
Nome e apelidos do/a coordinador/a: M ^a Isabel García Pomar		
Posto de traballo: Xefe Sección de Investigación II	Tfno.:881881850	Correo_e:maria.isabel.garcia.pomar@xunta.gal

4.- UNIDADES PARTICIPANTES DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL		
Unidade: Oficina Agraria Comarcal de Cambre		
Enderezo: R/ Samosteiro nº 5 baixo		
C. Postal: 15660	Concello: Cambre	Provincia: A Coruña
Nome e apelidos do/a responsable da unidade: Ricardo Rodríguez Añón		
Cargo: Xefe de Sección	Tfno.:881880355	Correo_e:ricardo.rodriguez.anon@xunta.gal

5.- UNIDADES OU ENTIDADES PARTICIPANTES (que non sexan da Consellería do Medio Rural)		
Unidade ou entidade: BEEALIA Asesoramento e Xestión de Ganderías		
Enderezo: O Val do Cal nº 1		
C. Postal: 27240	Concello: Meira	Provincia: Lugo
Nome e apelidos do/a responsable da unidade ou entidade: Joan Alibés Biosca		
Cargo: Técnico	Tfno.:619032791	Correo_e:jalibes@gmail.com

6.- CENTRO DE INVESTIGACIÓN OU CENTRO TECNOLÓXICO³		
Centro:		
Enderezo:		
C. Postal:	Concello:	Provincia:
Nome e apelidos do/a responsable da entidade:		
Cargo:	Tfno.:	Correo_e:

¹A encher polo Departamento de Investigación e Transferencia da Agacal.

² Xornadas técnicas, xornadas de portas abertas, congresos, conferencias, seminarios, talleres de prácticas, viaxes, material divulgativo, campos de ensaio, campos de demostración.

³ Só no caso dos campos de ensaio, nos que é imprescindible asesor científico.

7.- ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN

O sector ecolóxico en Galicia experimentou un incremento progresivo dende 1997 ata 2013, e a partir deste ano este incremento se acelerou pasando de 523 a 745 produtores en 2017, e de 15670 ha a 31916 ha en 2017. O sector ecolóxico de vacún de leite e de carne estase a incrementar en Galicia nos últimos anos, o valor de negocio do leite e derivados incrementouse de (2013-2017) de 8.493.001,37 € a 18.536.218,26 € e o de carne e derivados de 3.597.103,66 € a 8.653.548,58 €. Estes dous sectores son os que máis aportan en Galicia ao total do sector ecolóxico, cun 46% do valor de negocio total (CRAEGA, 2018)

A alimentación destas ganderías basease no consumo de herba e de millo forraxeiro. Un dos aportes de fertilizantes ás pradeiras son as propias dexeccións do gando durante o pastoreo e a aplicación dos xurros recollidos nas horas que o gando está no establo. Aparte existen outros produtos orgánicos no mercado como son a gallinácea ecolóxica, compost ecolóxico,... Outras fontes de nutrientes son:

- Para o nitróxeno o uso das leguminosas como fixadoras do N atmosférico.
- Para o fósforo: as rocas fosfóricas.

No CIAM estase a traballar dende hai anos coa xestión eficiente dos xurros e co uso de leguminosas en pradeiras e no uso de leguminosas, leguminosas/gramíneas como cultivo forraxeiro invernal en alternancia co millo forraxeiro, e tense datos sobre os aportes nitrogenados que subministran ao solo e ao resto de cultivos da parcela (García et al., 2012; Báez et al., 2013; Báez et al., 2014; Báez et al., 2017)

Por outra banda o ano pasado iniciouse no CIAM un campo de ensaio con roca fosfórica en pradeiras, e agardase ter resultados preliminares este segundo ano que podan ser de utilidade para o sector.

CRAEGA, 2018. Memoria anual do ano 2017 do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia. 16 pp.

Báez-Bernal, D.; García Pomar, M.I.; Gilsanz Rey, C.; Louro López, A.; J.Castro Insúa, J. 2014. Fertilización nitrogenada no millo forraxeiro en rotación con varios cultivos de inverno. *Afriga*, 109: 146-155.

Báez-Bernal, D.; García Pomar, M.I.; Gilsanz Rey, C.; Louro López, A.; García Souto, V.; J.Castro Insúa, J. 2017. Producción de varios cultivos forrajeros de invierno que incorporan leguminosas y efecto en el maíz posterior. 56ª Reunión Científica de la Sociedad Española de Pastos. Renaturalización vs. Ruralización (Rewilding vs. Re-farming), 122-128.

Báez-Bernal, D.; García Pomar, M.I.; Louro López, A.; J.Castro Insúa, J. 2013. Producción y composición química del forraje en rotaciones de maíz con varios cultivos de invierno. 52ª Reunión Científica de la Sociedad Española para el Estudio de los Pastos. Los pastos: nuevos retos, nuevas oportunidades, 187-194.

García, M.I.; Báez, D; Castro, J.; Louro, A. 2012. Axuste das recomendacións de fertilización no millo forraxeiro para as condicións galegas. *Afriga*, 97: 130-136.



8.- OBXECTIVOS

Os obxectivos que se expoñen son:

- Mellorar a fertilidade dos solos en ecolóxico.
- Dar a coñecer os fertilizantes/técnicas/manexos que poden utilizarse en ecolóxico para subministrar os nutrientes que necesitan os cultivos forraxeiros.
- Mellorar a produtividade dos cultivos forraxeiros para incrementar a rendibilidade e a competitividade da produción de carne e de leite de vacún en ecolóxico.

9.- METODOLOXÍA EMPREGADA NO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

9.1.- Localización

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

9.2.- Planificación da actividade (de ser o caso, programa). No caso de campos de demostración ou dos campos de ensaio descrición de todas as fases. (Xuntar croquis e deseño das parcelas)

Mañá

10:00-10:15 horas. Presentación da Xornada.

10:15-10:45 horas. Introducción ao sector gandeiro ecolóxico en Galicia. CRAEGA.

10:45-11:15 horas. Utilización de fertilizantes nos cultivos forraxeiros ecolóxicos. Joan Alibés Biosca-Beealia.

11:15-11:45 horas. Xestión dos xurros en ecolóxico. Utilización de ferramentas de apoio á decisión. M^a Isabel García Pomar-CIAM

11:45-12:00 horas. Descanso

12:00-12:30 horas. As leguminosas como fonte de nitróxeno natural nos cultivos forraxeiros. Dolores Báez Bernal-CIAM

12:30-12:45 horas: Resultados do campo de ensaio sobre o uso da roca fosfórica como fertilizante ecolóxico nunha pradeira. M^a Isabel García Pomar-CIAM

12:45-13:30 horas: Visita na finca do CIAM ao ensaio de rotación de millo con cultivos de inverno (raigrás, raigrás/trevo encarnado, trevo encarnado, chícharo/triticale). Dolores Báez Bernal e M^a Isabel García Pomar

13:30-14:30 horas: Visita na finca do CIAM ao ensaio de aplicación de roca fosfórica en pradeira. M^a Isabel García Pomar e Dolores Báez Bernal



9.3.- Persoal encargado do desenvolvemento da actividade

As persoas encargadas do desenvolvemento da xornada serán as investigadoras do CIAM M^a Isabel García Pomar e Dolores Báez Bernal en colaboración con Joan Alibés Biosca da empresa Beealia e de Ricardo Rodríguez Añón da Oficina Comarcal Agraria de Cambre.

9.4.- Persoas ou entidades a quen vai dirixido

Gandeiros ecolóxicos de vacún de carne e leite ou interesados en pasarse á produción ecolóxica, así como a técnicos e empresas de asesoramento en ecolóxico (entidades de aconsellamento e xestión).

10.- PLAN E MEDIOS DE DIVULGACIÓN PREVISTOS

Reunións:

Reunións no CIAM para a planificación e organización de xornada técnica.

Visitas:

Unha visita ao ensaio de rotación de millo con cultivos de inverno (raigrás, raigrás/trevo encarnado, trevo encarnado, chícharo/triticale) e outra visita ao ensaio de aplicación de roca fosfórica en pradeira.

Publicacións:

Se publicitará a xornada nas páxinas web de medio rural e do CIAM, e no facebook do CIAM.
As presentacións das charlas da Xornada serán publicados na páxina web do CIAM (www.ciam.gal).

Artigos de prensa:

Previamente á realización da Xornada se contactará coa revista dixital Campo Galego, para a realización dun artigo resumo sobre a actividade realizada.

Programas de TV e/ou radio:

Previamente á realización da Xornada se contactará coa TVG para a realización dunha reportaxe. Así mesmo tamén contactarase con Vaca Pinta para a gravación das xornadas e a súa publicación en liña.

11.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

11.1.- Data de realización (aproximada):
Finais de setembro- principios de outubro

11.2.- Duración da actividade:

Horas teóricas: 2,5 horas

Horas prácticas (en talleres ou explotacións de colaboradores): 1,75 horas

11.3.- Iniciativas de cooperación (nome dos colaboradores):

-Explotacións:

-

-Empresas:

- Beealia-Asesoramento e Xestión de Ganderías.

-Entidades asociativas:

11.4.- Lugar de desenvolvemento (marcar cun X):

-Concello:

Zona desfavorecida

Zona de montaña

12.- TIPOLOXÍA DOS/AS DESTINATARIOS/AS (poñer número de asistentes)

Agricultores/as activos/as, persoas dedicadas á actividade agraria con producións superiores ás de autoconsumo e dadas de alta no sistema de venda directa, persoal empregado no sector primario por conta allea ou persoas con solicitude de incorporación a través das submedidas 6.1 e 6.3.	Mulleres: 14
	Homes: 20
	Total asistentes: Sobre 34
Persoal contratado (ou con expectativa de contrato) por empresas que realicen traballos agrarios (agrícolas, gandeiros ou forestais) ou da industria agroalimentaria.	Mulleres: 3
	Homes: 3
	Total asistentes: Sobre 6
Persoas en idade laboral e menores de 60 anos con expectativa de incorporación ao sector primario ou á industria transformadora.	Mulleres: 5
	Homes: 5
	Total asistentes: Sobre 10
Propietarios forestais socios dunha entidade de xestión en común da terra ou con expectativa de selo.	Mulleres:
	Homes:
	Total asistentes: